

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
XGL/2019/19	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	13 de maio de 2019
Duración	Desde as 19:10 ata as 19:40 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	ELEUTERIO PENA LAMAS

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO	NON
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	NON
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	NON
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNGELA VIZOSO MARCOS	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.





A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior realizada en data 29 de abril de 2019

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o borrador da acta da sesión realizada en data 29 de abril de 2019 pola Xunta de Goberno Local.

Expediente 2775/2019. Solicitud de sinalización horizontal

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por M. A. F. V., na que demanda unha praza de aparcamento para minusválidos onde está a súa residencia na Avda. de Bueu, nºX Cangas. Ademais solicita a sinalización dun paso de peóns na mesma rúa á altura da farmacia e parada do autobús.

Dase conta, así mesmo, de informe emitido en data 06.05.2019 pola policía local, que é como segue:

"Infórmase que na Avda. de Bueu (PO-315), desde a rotonda dos mexilóns (Pedra Alta) en adiante, non existe ningunha praza de estacionamento destinada para persoas de mobilidade reducida, polo tanto non existe por parte deste departamento ningún inconveniente para que se sinalice vertical e horizontalmente unha praza para dito destino. O lugar mais recomendable sería ao lado do número 38, no lugar onde está situado o vehículo vermello (ver fotografía).

Con respecto ao paso de peóns débese solicitar autorización ao organismo titular da vía (Xunta de Galicia)".

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe emitido pola policía local, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Autorizar as sinalizacións indicadas no referido informe da policía local.

SEGUNDO.- Dar traslado á Xunta de Galicia da solicitude de sinalización de paso de peóns realizada polo Sr. F. V..

Expediente 2774/2019. Solicitud de sinalización horizontal

Desfavorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento





Vista a solicitude presentada por M. C. M. G., na que expón que no seu domicilio en praza de Singulis, nº X, había unha sinalización horizontal amarela co fin de prohibir aparcar, actualmente está borrosa e non a respetan, polo que solicita que sexa pintada de novo a dita liña amarela.

A Xunta de Goberno Local, acorda aprobar integramente o informe emitido en data 03.05.2019 pola Policía Local, no que se indica o seguinte:

"Que presentada a patrulla no lugar, compróbase que a liña amarela que existía anteriormente está totalmente borrada, faise constar que non procede o repintando de amarelo, xa que a zona se atopa dentro do casco antigo, en zona peonil e a ordenanza xa prohíbe o estacionamento, agás autorizados con limitación de tempo".

Expediente 2854/2019. Solicitude de renovación de sinalización vertical

Favorable	Tipo de Unanimidade/Asentimento	votación:
-----------	------------------------------------	-----------

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe emitido ao respecto en data 08.05.2019 pola Policía Local, acorda autorizar a renovación de sinal de pasaxe permanente nº 921, que ten instalado J. S. I., na Avda. da Unión, nº X-O Hío.

Condiciónase a presente autorización á devolución do sinal deteriorado no departamento de Tesourería, que procederá a dar de baixa o referido número e á concesión dun número novo.

Expediente 6058/2018. Proposta de autorización municipal para ocupación temporal do dominio público marítimo-terrestre coa instalación de mesas e cadeiras

Favorable	Tipo de Unanimidade/Asentimento	votación:
-----------	------------------------------------	-----------

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da alcaldía de data 09.05.2019, referente a aprobación da ocupación temporal de dominio público marítimo terrestre, incluída no plan de ocupación 2019, que é como segue:

"PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA

Con rexistro de entrada do 4 de decembro de 2018, se recibiu oficio do xefe do Servizo de Costas de Pontevedra, expresando os criterios de actuación para a elaboración e explotación dos plans de ocupación con servizos de tempada nas praias durante a temporada estival do ano 2019. Así mesmo, a Xefatura Provincial de Costas, insta aos concellos, como en anos anteriores, a constituírse en xestores do programa de autorización de explotacións.

O anuncio remitido polo Servizo Provincial de Costas, no cal se instaba a todos os interesados a presentar solicitudes de autorización para a explotación de servizos de temporada nas praias do noso municipio, foi exposto no taboleiro de anuncios do Concello.

Con base nas concesións autorizadas polo Servizo Provincial de Costas no ano pasado, e xunto coas solicitudes e propostas dos interesados, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción





do seguinte acordo:

ÚNICO.- Procédase á aprobación das autorizacións para ocupación temporal do dominio público-marítimo terrestre (terrazas ligadas a establecementos hostaleiros) que se achega coa presente proposta e, en virtude deste, solicítese do Servizo Provincial de Costas en Pontevedra, as preceptivas autorizacións para a instalación dos servizos relatados.

**PLAN DE OCUPACIÓN CON SERVICIOS DE TEMPADA
NA ZONA DE DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRE DO CONCELLO DE CANGAS
(TERRAZAS LIGADAS A ESTABLECEMENTOS HOSTALEIROS) 2019**

En data 4 de decembro de 2018 achegouse escrito do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra remitindo a circular comprensiva dos criterios a ter en conta na elaboración e explotación de servizos de tempada do Concello de Cangas.

Unha vez examinada a mencionada circular, os pedimentos previos realizados polos interesados e as necesidades en canto a servizos que se presentan cada tempada, se considera preciso cubrir os servizos de tempada, ligados a establecementos hostaleiros, nas localizacións que a continuación se indican:

1). Paseo de Rodeira:

1) Unha terraza de 49,00 m2., vinculada ao establecemento denominado "O Pilar", do 1 de marzo de 2019 ao 28 de febreiro de 2020.

- J. R. T., DNI nº X, R/Félix Ozámiz, nº X-O Forte-Cangas.

2) Unha terraza de 50,00 m2., vinculada ao establecemento denominado "La Suprema", do 1 de marzo de 2019 ao 28 de febreiro de 2023.

- M. F. M., DNI nº X, Paseo Marítimo Rodeira, nºX-Cangas.

A situación de cada un das ocupacións solicitadas é a que se sinala nos planos anexos".

Expediente 2712/2019. Solicitud de adquisición de nicho no cemiterio de Aldán

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Visto o escrito presentado por A. M. R., con enderezo en Piñeiro, nº X Aldán-Cangas, no que solicita a adquisición de un nicho no cemiterio de Aldán e dadas as indicacións do sepultureiro municipal no que manifesta que a situación do nicho a adxudicar será no bloque N-Nº X letra D.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co indicado polo sepultureiro municipal, acorda proceder á adxudicación a A. M. R. de un nicho no cemiterio de Aldán, sito no bloque N-Nº X letra D.





Expediente 6364/2017. Licenza urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE Nº 6364/2017.- Outorgar a M. B. C. e a M. M. R. R., con enderezo en rúa Carral, nº X-Vigo, licenza de obras para construír unha piscina e un cerramento en rúa do Viñal-O Hío (referencia catastral X) de conformidade co proxecto elaborado pola arquitecto J. R.L. de data decembro de 2018. Deberán formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza. O presuposto de execución material ascende a dezanove mil oitocentos quince euros con corenta e cinco céntimos (19.815,45 €).	

Expediente 1661/2019. Licenza urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE Nº 1661/2019.- Outorgar a A. C. P., con enderezo en Outeiro, nº X-Coiro, licenza de obras para no referido lugar, regulado pola ordenanza de aplicación SNUN, reformar vivenda unifamiliar en 8,00 m2., de planta baixa, 65,30 m2., de primeiro andar e 12,43 m2., de aproveitamento baixo cuberta (referencia catastral X), de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto F. B. P., de data marzo de 2019. Deberá cumprir co sinalado pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación. O presuposto de execución material ascende a trinta e seis mil novecentos vinte euros (36.920,00€).	

Expediente 758/2019. Licenza urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE Nº 758/2019.- Outorgar a S. S. R., titular do DNI nºX, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Vilariño, nº X-O Hío, agás o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra para acondicionamento de planta baixa para uso de dúas vivendas e garaxe de edificación sito no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade co proxecto de acondicionamento de local elaborado polo arquitecto técnico R. S. C.. Rematadas as obras deberá solicitar licenza de primeira ocupación e formalizar perante o Catastro Inmobiliario a declaración conducente á incorporación neste da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se outorga a presente licenza. O presuposto de execución material da obra ascende a trinta e nove mil noventa e nove euros con setenta e un céntimos (39.099,71 €).	

Expediente 3224/2017. Informe-proposta de resolución referente a licenza de obras do expediente nº 26.227	
Desfavorable	Tipo de votación: Nominal A favor: 6, En contra: 1, Abstencións: 0, Ausentes: 0





A favor	ANDRES GARCIA BASTON MERCEDES GIRALDEZ SANTOS TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ XOSE MANUEL PAZOS VARELA XOÁN CHILLÓN IGLESIAS ÁNGELA VIZOSO MARCOS
En contra	MARIANO ABALO COSTA
Abstencións	---
Ausentes	---

A Xunta de Goberno Local, por maioría dos seus membros presentes, acorda aprobar o seguinte informe-proposta de resolución de data 09.05.2019 emitido pola xefa de urbanismo, referente a recurso de reposición interposto contra acordo de Xunta de Goberno Local de concesión de licenza de obras, que di: "De conformidade co previsto nos artigos 172 e 175 do Regulamento de organización e funcionamento das entidades locais, emítase o seguinte INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN con base nos seguintes:

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local de data 23.01.2017 acordou, entre outros puntos da orde do día, outorgar a seguinte licenza de obras:

"EXPEDIENTE Nº 26.227.- A 'BERTOPAZ SL', con enderezo a efectos de notificación en rúa da Garita, nº X-Cangas, para no referido lugar regulado pola ordenanza 12, ampliar unha vivenda unifamiliar en 75,75 m²., de planta baixa e 75,75 m²., en primeiro andar (referencia catastral X), de conformidade co proxecto elaborado pola arquitecta M. T. F. I. de data decembro de 2016, condicionado a que antes do comenzo das obras presente o correspondente proxecto de execución visado, oficios de dirección, a utilizar os materiais que sinala a LOUGA para os núcleos de poboación e tamén en canto á obriga de conexión cos servizos existentes e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza. O presuposto de execución material ascende a cento trece mil euros (113.000,00 €).

SEGUNDO.- En data 1 de agosto de 2018, rexistro de entrada nº 9184, preséntase recurso de reposición por J. F. B., contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 23.01.2017, no que solicita a nulidade ou no seu defecto a anulabilidade do acordo adoptado e a adopción dun novo acordo desestimando a solicitude de ampliación da vivenda solicitada por 'BERTOPAZ SL'.

TERCEIRO.- De conformidade co previsto no artigo 118 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de 2015, deuse traslado do recurso presentado a 'BERTOPAZ SL', para que formulase as alegacións ou presentase os documentos e xustificantes que estimase convenientes.

CUARTO.- En data 25.10.2018, rexistro de entrada nº 12855, A. P. B., en representación de 'BERTOPAZ SL', presenta escrito de alegacións sobre o recurso formulado

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.





- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

I.- A competencia para a resolución do recurso de reposición presentado, de conformidade co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas corresponde á Xunta de Goberno local: 'Os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa poderán ser recorridos potestativamente en reposición perante o mesmo órgano que o ditase...!.

II.- O artigo 116 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas establece como causas de inadmisión dos recursos administrativos,

“...Serán causas de inadmisión as seguintes:

- a) Ser incompetente o órgano administrativo, cando o competente pertencera a outra administración pública. O recurso deberá remitirse ao órgano competente, de acordo co establecido no artigo 14.1 da [Lei de réxime xurídico do sector público](#).
- b) Carecer de lexitimación o recorrente.
- c) Tratarse dun acto non susceptible de recurso.
- d) Ter transcorrido o prazo para a interposición do recurso.
- e) Carecer o recurso manifestamente de fundamento...!.

O artigo 4 da citada norma establece que: 'Considéranse interesados no procedemento administrativo:

- a) Quenes o promovan como titulares de dereitos ou intereses lexítimos individuais ou colectivos.
- b) Os que, sen ter iniciado o procedemento, teñan dereitos que poidan resultar afectados pola decisión que neste se adopte.
- c) Aqueles cuxos intereses lexítimos, individuais ou colectivos, poidan resultar afectados pola resolución e se presenten no procedemento en tanto non recaia resolución definitiva.

2.- As asociacións e organizacións representativas de intereses económicos e sociais serán titulares de intereses lexítimos colectivos nos termos que a lei recoñeza.

3.- Cando a condición de interesado derivase dalgunha relación xurídica transmisíble, o dereito-habente sucederá en tal condición calquera que sexa o estado do procedemento!.

III.- No recurso de reposición interposto por J. F. B., e que se enmarca no capítulo II, do título V da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non se aprecia a súa condición de interesado, requisito determinante para a admisión a trámite do recurso.

O recurso preséntase unha vez que xa ten recaído resolución firme no procedemento, polo que, se debe inadmitir, de conformidade co previsto no artigo 4.c), transcrito na consideración técnica xurídica II, sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso en exercicio da acción pública; cómpre lembrar que a licenza concedeuse o 23.01.2017 e o recurso de reposición presentouse no rexistro do Concello de Cangas o 1 de agosto de 2018.





Por todo o exposto , PROPONSE á Xunta de Goberno Local:

PRIMEIRO.- Inadmitir, por falta de lexitimación do recorrente, o recurso de reposición interposto por J. F. B. contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 23.01.2017, polo que se concedeu licenza de obras a 'BERTOPAZ SL', para ampliar unha vivenda unifamiliar en 75,75 m2., de planta baixa e 75,75 m2., en primeiro andar (referencia catastral X), de conformidade co proxecto elaborado pola arquitecta M. T. F. I. de data decembro de 2016, polas consideracións técnicas e legais expostas e de conformidade co disposto nos artigos e 4 e 116 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

SEGUNDO.- Dar traslado da presente resolución ao interesado para os efectos oportunos, coa indicación de que este acordo pon fin á vía administrativa e cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado contencioso-administrativo da circunscrición onde radique o inmovible afectado, conforme ao disposto no artigo 14.3) da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, segundo o disposto no artigo 46.1) da citada lei.

Malia isto, a Xunta de Goberno Local co seu superior criterio resolverá o que estime mais procedente".

Expediente 31/2019. Licenza municipal de primeira ocupación

Favorable	Tipo de Unanimidade/Asentimento	votación:
-----------	---------------------------------	-----------

EXPEDIENTE Nº 31/2019.- EXPEDIENTE DE OBRAS Nº 24.629.- LICENZA Nº 23.877.- Outorgar licenza municipal de primeira ocupación a F. V. F., con enderezo en Ramiranes, nº X-Porriño, de unha vivenda unifamiliar sita en Torreiro- Santa Marta, nº X-Darbo (referencia catastral X), construída ao abeiro da licenza municipal nº 23.877, tendo en conta o informe-comprobación emitido ao respecto polo arquitecto municipal de data 8 de maio de 2019 e o informe emitido pola xefa do servizo de urbanismo de data 9 de maio de 2019, sobre o procedemento de aplicación.

Expediente 2236/2019. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable	Tipo de Unanimidade/Asentimento	votación:
-----------	---------------------------------	-----------

EXPEDIENTE Nº 2236/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por "ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA SA", titular do CIF Nº X, con enderezo electrónico a efectos de notificacións electrónico X, para reformas interiores de local sito en San Cibrán, nº X Aldán (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente de data 10 de abril de 2019. O presuposto de execución material ascende a dezasete mil cincocentos euros (17.500,00 €).





Expediente 1953/2019. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de
Unanimidade/Asentimento

votación:

EXPEDIENTE Nº 1953/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por C. R. R., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en enderezo electrónico X, para apertura de oco en fachada oeste de vivenda sita na Avda. Méndez Núñez, nº X-Cangas (referencia catastral X), colocación de carpintería exterior e reparacións interiores, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente de data 1 de abril de 2019. O presuposto de execución material ascende a setecentos cincuenta e nove euros (759,00 €).

Expediente 1971/2019. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de
Unanimidade/Asentimento

votación:

EXPEDIENTE Nº 1971/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por E.B.N. e A.C.P., para ampliación a rede de saneamento ao viario público, en Cunchido de Arriba-Darbo (referencia catastral X), de conformidade coa documentación presentada polos arquitectos R.A.A., A.L.N. e M.F.E., de data 29 de abril de 2019, o presuposto de execución das obras ascende a dous mil cen euros (2.100,00 €).

Expediente 1377/2019. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de
Unanimidade/Asentimento

votación:

EXPEDIENTE Nº 1377/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por COMUNIDADE PROPIETARIOS "MAR DE PEDRA-BLOQUE 1", para instalación de unha barreira de paso de 4,00 ml., na Avda. de Bueu, nº X-Cangas (referencia catastral X), de conformidade coa documentación presentada polo arquitecto J.A.F.M., de data xaneiro de 2019 e a tira de cordas obrante no expediente. O presuposto de execución das obras ascende a setecentos euros (700,00 €).

Expediente 3651/2018. Comunicación previa de actividade

Favorable

Tipo de
Unanimidade/Asentimento

votación:

EXPEDIENTE Nº 3651/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por J.L.V.L. titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en camiño da Moreira, nº X Chapelá Redondela, para actividade de bodega de viño en camiño dos Carballos-Pinténs-O Hío (referencias catastrais X) segundo o informe favorable do arquitecto de data 30 de abril de





2019 e os informes sectoriais obrantes no expediente.

Expediente 6853/2017. Expediente de restauración da legalidade urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 08.05.2019 da alcaldía, referente a expediente de restauración da legalidade urbanística nº 6853/2017-S, que é como segue:

"Resultando que no lugar do Viso-O Hío, polos responsables que se indican nesta resolución iniciouse a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: realizar unha edificación familiar a menos de 3,00 metros do lindeiro, sen axustarse á licenza nº 23807.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados, A. G. P., promotor.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, que pode tipificarse en principio como GRAVE, segundo o sinala o artigo 158.3 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6001 e 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 161.1.b) da referida Lei 2/2016, indicándolle ao infractor que as sancións impostas ao abeiro desta lei reduciranse na súa contía nun 50%, se son aboadas no prazo de período voluntario e, neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade coa sanción e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

Visto o establecido nos artigos 157 ao 164 da Lei 2/16 e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163.c) da citada lei.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Incoar expediente sancionador a A. G. P. por infracción urbanística, de conformidade coa Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución; realizar unha edificación familiar a menos de 3,00 metros do lindeiro, sen axustarse á licenza nº 23807.

SEGUNDO.- Nomear como órgano instrutor do procedemento sancionador a M. R. G., sendo secretaria deste a do Concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime





xurídico do sector público.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia da Lei 7/85 e decreto de delegación de data 2 de xullo de 2015.

CUARTO.- Indicar ao interesado o dereito que lles concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016, de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que ten dereito a unha redución do 90% da sanción que debe impoñerse por repoñer a realidade física alterada antes da resolución do procedemento sancionador.

QUINTO.- Comunicar ao instrutor a iniciación do expediente con traslado de cantas actuacións existan respecto diso e simultaneamente, notificar a presente resolución aos interesados (de selo caso ao denunciante), indicándolles que disporán dun prazo de QUINCE DÍAS para achegar cantas alegacións, documentos e información estimen convenientes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse, quedando o expediente a súa disposición na oficina de urbanismo, advertindo aos interesados de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como proposta de resolución.

SEXTO.- Advertir ao interesado que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

SÉTIMO.- Notifíquese o acordo ao interesado, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpor o que estime mais conveniente".

Expediente 4984/2018. Expediente de restauración da legalidade urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 06.05.2019 da alcaldía, referente a expediente de restauración da legalidade urbanística nº 4984/2018-S, que é como segue:

"Resultando que no lugar de Punta Alada, polos responsables que se indican nesta resolución iniciouse a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: instalación dunha cadea en espazo de transito marítimo terrestre, sen recuar 4,00 metros do eixo do camino.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados, A. N. T., promotor.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, que pode tipificarse en principio como GRAVE, segundo o sinala o artigo 158.3 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6001 e 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 161.1.b) da referida Lei 2/2016, indicándolle ao infractor que as sancións impostas ao abeiro desta lei





reduciranse na súa contía nun 50%, se son aboadas no prazo de período voluntario e, neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade coa sanción e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

Visto o establecido nos artigos 157 ao 164 da Lei 2/16 e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163.c) da citada lei.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Incoar expediente sancionador a A. N. T. por infracción urbanística, de conformidade coa Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución; realizar a instalación dunha cadea en espazo de tránsito marítimo terrestre, sen recuar 4,00 metros do eixo do camiño, sen licenza para iso.

SEGUNDO.- Nomear como órgano instrutor do procedemento sancionador a M. R. G., sendo secretaria deste a do Concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia da Lei 7/85 e decreto de delegación de data 2 de xullo de 2015.

CUARTO.- Indicar ao interesado o dereito que lles concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016, de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que terá dereito a unha redución do 90% da sanción que debe impoñerse no caso de que repoña por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento sancionador.

QUINTO.- Comunicar ao instrutor a iniciación do expediente con traslado de cantas actuacións existan respecto diso e simultaneamente, notificar a presente resolución aos interesados (de selo caso ao denunciante), indicándolles que disporán dun prazo de QUINCE DÍAS para achegar cantas alegacións, documentos e información estimen convenientes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse, quedando o expediente a súa disposición na oficina de urbanismo, advertindo aos interesados de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como proposta de resolución.

SEXTO.- Advertir ao interesado que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

SÉTIMO.- Notifíquese o acordo ao interesado, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpor o que estime mais conveniente".

Expediente 7292/2017. Expediente de restauración da legalidade urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento





A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 09.05.2019 da alcaldía, referente a expediente de restauración da legalidade urbanística nº 7292/2017-S, que é como segue:

"Resultando que no lugar de Mendiña-Aldán, polos responsables que se indican nesta resolución, iniciouse a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en:

- Construción de dúas casetas, unha de aproximadamente 20 m2., arrimada a lindeiro, con cuberta de fibrocemento ondulado, e outra de aproximadamente 15 m2., tamén arrimada a lindeiro, con cuberta de chapa metálica sobre estrutura metálica.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados, R. G. P., promotor.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, que pode tipificarse en principio como GRAVE, segundo o sinala o artigo 158.3 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6001 e 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 161.1.b) da referida Lei 2/2016, indicándolle ao infractor que as sancións impostas ao abeiro desta lei reduciranse na súa contía nun 50%, se son aboadas no prazo de período voluntario e, neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade coa sanción e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

Visto o establecido nos artigos 157 ao 164 da Lei 2/16 e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163.c) da citada lei.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Incoar expediente sancionador a R. G. P. por infracción urbanística, de conformidade coa Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución; realizar a construción de dúas casetas, unha de aproximadamente 20 m2., arrimada a lindeiro, con cuberta de fibrocemento ondulado, e outra de aproximadamente 15 m2., tamén arrimada a lindeiro, con cuberta de chapa metálica sobre estrutura metálica, sen licenza para iso.

SEGUNDO.- Nomear como órgano instrutor do procedemento sancionador a M. R. G., sendo secretaria deste a do Concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia da Lei 7/85 e decreto de delegación de data 2 de xullo de 2015.





CUARTO.- Indicar ao interesado o dereito que lles concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016, de recoñecer a súa responsabilidade e se lle comunica que terá dereito a unha redución do 90% da sanción que debe impoñerse por ter repostado por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento sancionador.

QUINTO.- Comunicar ao instrutor a iniciación do expediente con traslado de cantas actuacións existan respecto diso e simultaneamente, notificar a presente resolución aos interesados (de selo caso ao denunciante), indicándolles que disporán dun prazo de QUINCE DÍAS para achegar cantas alegacións, documentos e información estimen convenientes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valer, quedando o expediente a súa disposición na oficina de urbanismo, advertindo aos interesados de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como proposta de resolución.

SEXTO.- Advertir ao interesado que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

SÉTIMO.- Notifíquese o acordo ao interesado, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpor o que estime mais conveniente".

Expediente 773/2018. Solicitud de devolución de aval

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Primeiro.- Recoñecer a devolución do aval bancario por importe de mil noventa e dous euros (1.092,00 €), depositado por X. X. S. P., no expediente de licenza de obra nº 23.725 (X -773/2018).

Segundo.- Notificar este acordo ao departamento de tesourería e ao interesado.

Expediente 2801/2019. Concesión do servizo de axuda no fogar

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación

Este punto retírase da orde do día por desestimento da persoa solicitante.

Expediente 5706/2018. Concesión do servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de ampliación do servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola





persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a A.H.A., con DNI nº X e con expediente nº 36008/01/003299 –62334, a ampliación do servizo de axuda no fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal
- * Atencións de carácter psicosocial
- * Atencións de carácter doméstico

Custo total do servizo: 847,70 € (12,11 €/hora).

Achega económica da persoa usuaria: 230,21 €/mes.

Número de horas: 70 horas.

Data de efectos de ampliación no SAF: a partir do 13 de maio de 2019.

Expediente 2804/2019. Concesión do servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de
Unanimidade/Asentimento

votación:

Vista a solicitude de ampliación do servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a M.S.A. con DNI nº X e con expediente nº 36008/01/003563 – 70215, a ampliación do servizo de axuda no fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal
- * Atencións de carácter psicosocial
- * Atencións de carácter doméstico

Custo total do servizo: 847,70 € (12,11 €/hora).

Achega económica da persoa usuaria: 151,03 €/mes.

Número de horas: 70 horas.

Data de efectos de ampliación no SAF: a partir do 13 de maio de 2019.





Expediente 2172/2017. Concesión do servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de
Unanimidade/Asentimento

votación:

Vista a solicitude de ampliación do servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a I.C.P., con DNI nº X e con expediente nº 36008/02/000214 – 33449, a ampliación do servizo de axuda no fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal
- * Atencións de carácter psicosocial
- * Atencións de carácter doméstico

Custo total do servizo: 847,70 € (12,11 €/hora).

Achega económica da persoa usuaria: 168,05 €/mes.

Número de horas: 70 horas.

Data de efectos de ampliación no SAF: a partir do 13 de maio de 2019.

Expediente 1657/2018. Concesión do servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de
Unanimidade/Asentimento

votación:

Vista a solicitude de ampliación do servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a S.P.M., co expediente nº 36008/02/000812 e con DNI nº X, a modificación horaria do do servizo de axuda no fogar a través da quenda de libre concorrencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal
- * Atencións de carácter psicosocial e educativo
- * Atencións de carácter doméstico e da vivenda

Custo total do servizo: 384,00 € .





Achega económica da persoa usuaria (segundo a capacidade económica): 0 euros.

Número de horas: 30 horas.

Data prevista de modificación horaria no SAF: maio de 2019.

Expediente 2870/2019. Concesión do servizo de xantar na casa

Favorable

Tipo de
Unanimidade/Asentimento

votación:

Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social elaborado pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a M.P.L., con DNI nº X e con expediente nº 36008/02/002127, o programa xantar na casa, por reunir os requisitos establecidos para o acceso a este, cun custo para o Concello (precio do menú de 1,67 €/día).

Data prevista de alta no programa xantar na casa: maio de 2019.

Expediente 2311/2018. Variación do servizo de xantar na casa

Desfavorable

Tipo de
Unanimidade/Asentimento

votación:

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento do informe emitido en data 07.05.2019 pola traballadora social dos servizos sociais do Concello de Cangas, en relación ao expediente nº 2311/2018 de xantar na casa, do que é titular J.O.P., con DNI nº X, no que se indica o seguinte:

"INFORMO:

- Que a titular do expediente solicita por escrito a baixa no servizo de xantar na casa con data 03.05.2019.
- Que ante dita situación, procedese á realizar a baixa no servizo que viña disfrutando".

Expediente 2782/2019. Concesión de axuda económica de emerxencia social

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de resolución de data 07.05.2019 de E. G. G., xefe do servizo do Centro Municipal de Benestar Social, referente a concesión de axuda económica de emerxencia social, que é como segue:





"Con relación á solicitude de axuda económica de emerxencia social e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, proponse a seguinte resolución:

* Concesión de axuda económica por importe de oitocentos euros (800,00 €), a L.M.F.R., con DNI nº X".

Expediente 1789/2019. Solicitude de subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria para o impulso dunha rede de mercados excelentes de Galicia (CP IN223A)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local de data 09.05.2019, referente a solicitude de subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria, para o impulso dunha rede de mercados excelentes de Galicia, que é como segue:

"SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA PARA O IMPULSO DUNHA REDE DE MERCADOS EXCELENTES DE GALICIA (CP IN223A)

Publicada a Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria de data do 11 de marzo de 2019, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións para o impulso dunha rede de mercados excelentes de Galicia e se procede á súa convocatoria.

Visto que no libro de inventario de bens municipais do Concello de Cangas, coa epígrafe 1º-Bens Inmóbles, Grupo A-Fincas Urbanas, co número de orde do inventario 6, número de orde do Grupo, 1EDIF01006, consta inscrito con carácter de dominio de servizo público, en réxime de uso en propiedade a PRAZA DE ABASTOS, cunha superficie de 1.213,26 m2., e referencia catastral nº X.

Reunindo o Concello as condicións que na orde se especifican, especificamente no artigo 1.4.2), das bases reguladoras para actuacións nas prazas de abastos que non dispoñen do selo de mercado excelente, para investimentos de diagnose de situación e usos do mercado, estudo previo para posteriores accións e medidas que se poidan derivar da devandita diagnose, preparatoria para a obtención do selo de mercado excelente. O procedemento para a obtención de selo de mercado excelente, foi publicado no DOGA número 13, de 19 de xaneiro de 2017.

Polo que propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Solicitar ao abeiro da Orde 11 de marzo de 2019, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións para o impulso dunha rede de mercados excelentes de Galicia, unha axuda polo importe de oito mil oitocentos trinta e tres euros (8.833,00 €), para unha diagnose de situación e usos do mercado de Cangas, cun orzamento total de dezasete mil seiscentos sesenta e seis euros (17.666,00 €), incluído o IVE e aceptando expresamente as condicións de financiamento e os demais requisitos establecidos na orde.





Segundo.- Que, con data do 24 de xaneiro de 2019, este Concello remitiu as contas correspondentes ao exercicio 2017 ao Consello de Contas de Galicia.

Terceiro.- Que este concello posúe a titularidade e a plena dispoñibilidade sobre o inmovible onde se pretenden realizar as actuacións que integran o proxecto para o cal solicita a subvención (consta inscrito no libro de inventario de bens municipais coa epígrafe 1º-Bens Inmubles, Grupo A-Fincas Urbanas, co número de orde do inventario 6, número de orde do Grupo, 1EDIF01006, consta inscrito con carácter de dominio de servizo público, en réxime de uso en propiedade a praza de abastos, cunha superficie de 1.213,26 m2., e referencia catastral nº X).

Cuarto.- Adoptar o compromiso do Concello de Cangas para o financiamento do importe do orzamento da diagnose que non resulte subvencionado ao abeiro desta convocatoria ata o importe total da execución prevista, segundo a documentación achegada coa solicitude.

Quinto.- Que o Concello de Cangas, para a esta actuación que solicita axuda, non solicitou ningunha outra, nin de entidade pública ou privada".

Expediente 2686/2019. Proposta da concelleira de turismo para investimento no proxecto plurianual de estudo de divulgación sobre as danzas ancestrais

Favorable

Tipo de
Unanimidade/Asentimento

votación:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta de data 02.05.2019 da concelleira de Turismo, referente a estudo de divulgación das danzas ancestrais, que é como segue:

"PROPOSTA DA CONCELEIRA DE TURISMO, Dª TANIA CASTRO PAREDES S/ESTUDO DE DIVULGACIÓN DAS DANZAS ANCESTRAIS

No 2018, o Concello de Cangas dedicou a subvención recibida pola AGT-Xunta sobre festas de interese turístico galego, a realizar un primeiro estudo de situación para localizar, estudo que se anexa a este expediente.

Para seguir profundizando neste labor, a concelleira mantivo diversas reunións con administracións e empresas sen lograr conseguir recursos económicos.

Dado que se trata dun traballo complexo e que implica á maioría das áreas deste concello, tráese a este órgano colexiado e solicítase a aprobación do investimento no proxecto plurianual e do orzamento de trece mil cen euros (13.100,00 €) mailo IVE correspondente".

Expediente 3804/2018. Aprobación de convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Cangas para a realización de dúas esculturas en homenaxe ás/aos deportistas olímpicas e olímpicos do Concello de Cangas

Favorable

Tipo de
Unanimidade/Asentimento

votación:





A Xunta de Goberno Local acorda proceder á aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Cangas para a realización de dúas esculturas en homenaxe ás/aos deportistas olímpicas e olímpicos do Concello de Cangas, así como facultar ao Sr. alcalde para a súa sinatura.

Expediente 658/2018. Dación de conta de Sentenza nº 80/2019 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia resolutoria do PO nº 28/2018

Favorable

Tipo de
Unanimidade/Asentimento

votación:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta de data 02.05.2019 da Alcaldía e non presentar recurso ningún contra a sentenza ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia fronte a sentenza resolutoria do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra (PO 28/2018), cuxa proposta da Alcaldía é como segue:

"Visto o contido do fallo da Sentenza nº 204/2018, de 12 de novembro de 2018, do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Pontevedra, resolutoria do PO 28/2018, que dispoñía literalmente:

1º.- ESTIMAR EN PARTE o recurso contencioso-administrativo interposto pola entidade mercantil 'Nbp Clems Abogados y Consultores SLP', contra o Decreto nº 2018/47, de 13 de xaneiro de 2018 do alcalde-presidente do Concello de Cangas, desestimatorio do recurso de reposición presentado fronte ao acordo de 13 de novembro de 2017, da Xunta de Goberno Local, aprobatorio do expediente de contratación do 'Servicio de asesoría xurídica, asistencia letrada e defensa en xuízo', xunto cos seus pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas (expte. C-17/09_2789/2017).

2º.- Anular la referida resolución de 13 de xaneiro de 2018.

3º.- Declarar a nulidade dila cláusula '8.2' do prego de cláusulas administrativas particulares aprobado polo citado acordo de 13 de noviembre de 2017 da Xunta de Goberno Local.

4º.- Declarar la nulidad do contrato, condenando ao Concello de Cangas a súa liquidación.

5º.- Sin imposición de custas.

Visto que a citada sentenza foi recorrida en apelación recaendo en data 10.04.2019 a Sentenza nº 80/2019 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Con/Ad Sec. 3, co fallo que de seguido se reproduce:

'Desestimamos o recurso de apelación interposto polo CONCELLO DE CANGAS (PONTEVEDRA) contra a Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra de 12.11.18, no PO nº 28/2018, sobre expediente de contratación de 'Servizos asesoría xurídica, asistencia letrada e defensa en xuízo', condenándose expresamente á parte apelante ao pagamento das custas procesais desta segunda instancia da maneira e na contía expresada no último fundamento desta resolución xudicial'.

A sentenza non é firme polo que a Xunta de Goberno debe decidir sobre a interposición de





recurso.

Solicitado informe do avogado do Concello no procedemento en relación á posibilidade de recorrer a sentenza, este remitiu o informe o 26.04.2019, que figura incorporado ao expediente nº 658/2018 e que respecto a este extremo conclúe o seguinte:

'(...) Enténdese que a sentenza ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia é conforme a dereito e por tanto non procede interpor recurso de casación, xa que non se estima que as probabilidades de prosperar son practicamente inexistentes'.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Tomar coñecemento da Sentenza nº 80/2019 de 10.04.2019 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Con/Ad Sec. 3, resolutoria da apelación nº 7009/2019, interposta fronte á Sentenza nº 204/2018, de 12 de novembro de 2018, do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Pontevedra, resolutoria do PO nº 28/2018, seguido a instancia de 'NBP CLEMS ABOGADOS Y CONSULTORES SLP'.

Segundo.- Decidir sobre a a formalización dun posible recurso contra a sentenza.

Terceiro.- Dar traslado do acordo adoptado ao departamento municipal de apoio xurídico".

Ratificación da inclusión na orde do día e declaración da urxencia: de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do Rd 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda declarar a urxencia e a ratificación da inclusión deste punto na orde do día.

Expediente 2672/2019. Proposta da alcaldía para aprobación de bases para a selección e posterior contratación de 1 persoa para a realización de tarefas de información nas oficinas de Turismo do Concello de Cangas (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da alcaldía de data 13.05.2019, referente a aprobación de bases para a selección e posterior contratación de 1 persoa para a realización de tarefas de información nas oficinas de Turismo do Concello de Cangas, que é como segue:

"Vista a proposta da concelleira de medio ambiente e turismo de data 06.05.2019, pola que con base na comunicación da resolución de outorgamento ao Concello de Cangas da subvención da Axencia Turismo de Galicia, para a contratación de persoal nas oficinas de turismo de concellos declarados municipios turísticos (DOG nº 15 de 22.01.2019), solicita o inicio do expediente dirixido á aprobación das bases e convocatoria para a contratación de unha persoa cunha xornada laboral do 75%, que prestará os seus servizos nas oficinas de turismo de Cangas, por un período de tres meses, do 15 de xuño ao 14 de setembro de 2019, de acordo Coa táboa salarial que se achega.





Visto que figura no expediente documento xustificativo da existencia de crédito para acometer a contratación.

Vistos os informes de intervención e de secretaría, de data 13.05.2019, que figuran incorporados ao expediente, cómpre recordar a este respecto que as contratacións que se pretenden acometer, como se sinala nas bases resultan do outorgamento dunha subvención, o que motiva o seu carácter extraordinario e a previsión da modalidade contractual na modalidade de acumulación de tarefas deriva de que, malia a declaración de Cangas como Concello turístico pola Xunta de Galicia, existe unha única técnica de turismo que realiza esas tarefas durante todo ano considerando que resulta insuficiente durante a tempada estival.

Figura asemade incorporada ao expediente a valoración da praza convocada de data 07.02.2019, sobre a que a propia intervención realizou a retención de crédito existente e que se remitiu na tramitación da subvención.

Por outra banda e respecto á publicación no BOP, cómpre sinalar que se trata de un requisito predeterminado normativamente respecto da selección de funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo, pero non para os supostos de convocatorias para seleccionar funcionarios interinos e persoal laboral temporal. Débese recordar a necesidade de observar na selección deste tipo de persoal procedementos áxiles que respectarán en todo caso, os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e libre concorrência.

Tomando en consideración o que antecede en exercicio das competencias que outorga a esta Alcaldía a lexislación vixente

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Levantar o reparo suspensivo de intervención con base na motivación exposta.

SEGUNDO.- Aprobar as bases para a selección e posterior contratación de 1 persoa para a realización de tarefas de información nas oficinas de Turismo do Concello de Cangas polo sistema de concurso-oposición libre, con base na concesión ao Concello de Cangas por resolución de 29.04.2019 da subvención convocada pola Axencia de Turismo de Galicia por resolución de 26.12.2018 (DOG nº 15 de 22.01.2019), para a contratación de persoal nas oficinas de turismo de concellos declarados municipios turísticos., bases que literalmente din:

'BASES PARA A SELECCIÓN E POSTERIOR CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE PERSOAL PARA AS OFICINAS DE TURISMO DE CANGAS AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN CONVOCADA POLA AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA POR RESOLUCIÓN DE 26.12.2018 (DOG Nº 15 DE 22.01.2019).

PRIMEIRA.- OBXECTO, RÉXIME DE CONTRATACIÓN E SISTEMA DE SELECCIÓN

O obxecto das presentes bases é a selección e posterior contratación de 1 persoa para a realización de tarefas de información nas oficinas de Turismo do Concello de Cangas polo sistema de concurso-oposición libre, con base na concesión ao Concello de Cangas por resolución de 29.04.2019 da subvención convocada pola Axencia de Turismo de Galicia por resolución de 26.12.2018 (DOG nº 15 de 22.01.2019), para a contratación de persoal nas oficinas de turismo de concellos declarados municipios turísticos.





A contratación será de carácter laboral temporal a tempo parcial (75% da xornada) por un período de tempo comprendido entre o 15 de xuño ao 14 de setembro de 2019, na modalidade de acumulación de tarefas ligada ao financiamento derivado do outorgamento da subvención antes citada, cun salario bruto mensual de mil cento cincuenta e nove euros con cincuenta e seis céntimos (1.159,56 €), e clasificada de acordo coa valoración incorporada ao expediente como equivalente ao C1. Valoración, que foi obxecto do informe favorable da intervención e do órgano instrutor da Axencia Turismo de Galicia, segundo consta na resolución de outorgamento.

Á persoa seleccionada seralle da aplicación o acordo regulador das condicións de traballo do persoal ao servizo do Concello de Cangas.

SEGUNDA.- REQUISITOS DOS/DAS ASPIRANTES

Para ser admitido/admitida á realización das probas selectivas os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, consonte o disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.
- b) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.
- c) Posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das tarefas que se van realizar.
- d) Estar en posesión ou en condicións de obter algún dos seguintes títulos ou habilitacións esixidas nas bases da subvención para acceder á praza, o día en que remate o prazo de presentación de instancias:
 - Técnico superior en Información e Comercialización Turística
 - Técnico superior en Guía, Información e Asistencia Turística
 - Técnico en Empresas e Actividades Turísticas
 - Grado ou diplomado/a en turismo ou equivalente homologado
 - Habilitación de guía de turismo.
 - Certificado de profesionalidade de Promoción Turística Local e Información ao Visitante (HQT10108)
- e) Non ter sido apartado mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás comunidades autónomas ou as entidades locais, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- f) Non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade.
- g) Ter ingresado a taxa para participar no proceso selectivo segundo a correspondente ordenanza fiscal doce euros con setenta e oito céntimos (12,78 €). (Deberá facerse previa obtención da correspondente folha de liquidación na Tesourería do Concello).
- h) Figurar como desempregado/desempregada ou demandante dunha mellora de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia.

TERCEIRA.- SOLICITUDES, PRAZO DE PRESENTACIÓN E DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR CON ELAS





Os que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán facelo constar no modelo de instancia que achega ás presentes bases dirixida ao alcalde -presidente do Concello de Cangas, que deberá ser entregada no rexistro xeral, no prazo de dez días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no taboleiro de anuncios do Concello (<https://cangas.sedelectronica.gal/board/>) en horario de atención ao público.

Este modelo de instancia inclúe o modelo de declaración polo que se fai constar expresamente o cumprimento dos requisitos establecidos na base segunda, sen prexuízo de que ao final do proceso selectivo se deba acreditar documentalmente ese cumprimento. Non obstante deberá procederse a esta acreditación en calquera momento anterior se así o esixe o negociado de persoal do Concello ou o tribunal de selección.

As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos antes de seren certificadas. Caso de que a instancia non se presente directamente no rexistro xeral do concello o/a aspirante deberá remitir por correo electrónico dirixido ao enderezo xuridico@cangas.gal unha copia da instancia con anterioridade ao remate do prazo na que figure a data de presentación no rexistro correspondente, para os efectos de que poida ser incluída na relación de admitidos/admitidas.

Os/as interesados/interesadas presentarán as súas solicitudes achegadas da seguinte documentación:

- O modelo de instancia que achega ás presentes bases debidamente cuberto e asinado.
- Fotocopia compulsada, por ámbalas dúas caras, do DNI.
- Fotocopia compulsada do título, habilitación ou do recibo do depósito.
- Fotocopia compulsada da tarxeta de demandante de emprego en vigor.
- Resgardo acreditativo de ter satisfeito as taxas.
- Para os efectos de quedar exento da realización do exercicio da fase de oposición obtendo a cualificación de superado, os aspirantes que o desexen deberán presentar antes da realización da proba escrita de galego o título acreditativo de estar en posesión do certificado en lingua galega – nivel 4 (CELGA 4) ou superior, ou a súa validación, ou a certificación do curso de lingua galega de perfeccionamento.

Toda a documentación non orixinal aportada deberá presentarse debidamente compulsada.

CUARTA.- Admisión dos/das aspirantes

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a alcaldía ditará resolución declarando aprobada a lista de admitidos e excluídos provisionais, con especificación, no seu caso, dos motivos de exclusión, a cal se publicará no taboleiro de anuncios do Concello (<http://cangas.sedelectronica.gal/board/>). Os aspirantes excluídos disporán de 5 días hábiles a contar desde o seguinte ao da publicación do listado provisional para poder subsanar ou emendar, no seu caso o defecto que motivara a exclusión. No suposto de producirse reclamacións ditarase nova resolución estimándoas ou desestimándoas, o que se fará público, igualmente, no taboleiro de anuncios do Concello (<http://cangas.sedelectronica.gal/board/>).

QUINTA.– Tribunal cualificador





O tribunal que xulgará as probas terá por obxecto garantir e supervisar o correcto desenvolvemento do proceso en todas as súas fases. Estará composto por cinco membros. Non poderá constituírse sen a asistencia como mínimo de tres dos seus membros titulares ou suplentes.

Os membros titulares e suplentes terán igual ou maior titulación ca esixida aos aspirantes á praza convocada e terán voz e voto.

Os/as membros do tribunal deberán absterse de intervir, comunicándolle á alcaldía cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

Así mesmo, os aspirantes, poderán recusar os membros do tribunal cando nos mesmos concorran algunha das circunstancias previstas para a abstención de conformidade co establecido no art. 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

A composición efectiva do tribunal, así como a data e hora de realización dos exercicios, faranse públicos no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, integrando a resolución pola que se publique a lista provisional de admitidos e excluídos ao proceso selectivo, co fin de posibilitar a formulación de recusación contra os membros da comisión de selección.

O tribunal poderá contar coa colaboración dos asesores externos que considere oportunos, que actuarán con voz e sen voto, limitándose a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

SEXTA.- Sistema de selección

O proceso selectivo constará de dúas fases a de concurso e a de oposición.

FASE DE CONCURSO: Puntuación máxima 4 puntos.

Cursos de formación: neste apartado computarase a asistencia a cursos de formación e perfeccionamento organizados por centros oficiais dependentes da Administración do Estado, Comunidade Autónoma e Administración local, universidades, colexios profesionais ou escolas de administración pública, directamente relacionados coa praza que se convoca, incluídos os de coñecemento de idiomas. Non se terán en conta os certificados ou diplomas nos que non se especifique a duración do curso en número de horas.

A valoración será a seguinte:

De 10 ou máis créditos/100 horas ou máis: 0,25 puntos.

De 6 a 9 créditos/de 60 a 99 horas:0,20 puntos.

De 3 a 5 créditos/de 30 a 59 horas:0,15 puntos.

De 1 a 2 créditos/de 15 a 29 horas:0,10 puntos.

De 5 a 14 horas:0,05 puntos.

a) Máster universitario, curso de posgrao universitario, curso de experto ou especialización universitaria ou equivalente específico en materia de turismo, e cunha duración mínima de 200 horas – 0,50 puntos.





b) Idiomas, no caso de que os cursos de idiomas sexan dunha escola oficial o baremo será o seguinte:

- Certificado A1 ou A2 do marco común europeo de referencia para as línguas: 0,25 puntos
- Certificado B1 ou B2 do marco común europeo de referencia para as línguas: 0,5 puntos
- Certificado C1 ou C2 do marco común europeo de referencia para as línguas: 1 punto.

So se valorarán os cursos impartidos por organismos oficiais ou debidamente homologados por estes (especialmente escolas ou institutos administrativos de formación de persoal ao servizo das administracións públicas ou universidades). Neste senso non serán obxecto de valoración as certificacións expedidas por academias privadas se non se xustifica a homologación sinalada.

No caso de presentación de varios títulos, so se valorará o superior canda para a súa obtención sexa preciso estar en posesión de calquera outro dos presentados.

FASE DE OPOSICIÓN: Puntuación máxima 6 puntos.

I. Proba de coñecementos prácticos

Consistirá na realización dun exame tipo test de 30 preguntas relacionadas co temario adxunto, a realizar no día, hora e lugar que se indique na resolución pola que se publique o listado provisional de admitidos e excluídos. Este exercicio terá unha duración máxima de 60 minutos, sendo a puntuación máxima 6 puntos e sendo necesaria unha puntuación mínima de 3 puntos para acadar a cualificación de APTO. Aqueles aspirantes que non acaden a cualificación esixida quedarán eliminados. O exame conterá cinco preguntas adicionais como reserva para o caso de anulación dalgunha das preguntas do exame e que tamén servirán para resolver os posibles empates, en primeiro lugar no seu conxunto e despois, de persistir o empate, tomando en consideración cada pregunta reserva ailladamente e na orde pola que foran formuladas, de tal xeito, que quedará supeditado/supeditada aquel aspirante empatado que por esa orde cometese o primeiro falle antes, finalmente de persistir o empate o tribunal realizará unha serie de preguntas adicionais aos aspirantes nesta situación sobre o contido do temario ata desfacer este.

II. Proba de coñecementos de galego

Terá carácter eliminatorio e será obrigatoria a súa realización para aquelas persoas aspirantes que non acreditan con anterioridade á realización da proba, o título acreditativo de estar en posesión do Certificado en Língua Galega – nivel 4 (CELGA 4) ou superior, ou a súa validación, ou a certificación do curso de Língua Galega de Perfeccionamento (achegarase copia compulsada). Consistirá na tradución dunha serie de 30 palabras propostas polo tribunal do galego ao castelán ou do castelán ao galego nun tempo máximo de 20 minutos. Será cualificado como apto/non apto debendo traducir correctamente como mínimo 25 das 30 palabras propostas para merecer a cualificación de apto.

TEMARIO

1. Normativa Xeral e Autonómica en materia turística.
2. A ordenanza de uso e disfrute das praias do termo municipal de Cangas (BOPPO 25/08/2009).
3. As instalacións e dependencias do Concello de Cangas.





4. Patrimonio histórico, cultural e etnográfico de Cangas.
5. Principais festas e eventos do municipio.
6. A Semana Santa e as Danzas Ancestrais.
7. As praias de Cangas.
8. Os aloxamentos turísticos do municipio.
9. Plans de calidade turística no Concello de Cangas

Todos os candidatos que concorran á realización da proba, deberán ir provistos do seu DNI, pasaporte ou permiso de conducir. En caso de non presentar ningún destes documentos, non se lle permitirá a realización das probas.

Os aspirantes serán chamados para a realización das probas nun único chamamento, quedando excluídos do proceso os que non comparezan.

SÉTIMA.- Cualificación final

A cualificación final virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nas fases de oposición e de concurso, sempre e cando a persoa superase a proba de coñecementos prácticos.

No suposto de empate na cualificación final de dous ou máis persoas aspirantes, este resolverase a favor daquela persoa que obtivese a maior puntuación na fase de oposición; de persistir o empate, dirimirase a favor da persoa con maior puntuación na valoración das preguntas reserva da proba de coñecementos e de ser necesario, o empate resolveríase finalmente mediante sorteo.

O tribunal seleccionador, fará pública, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello a puntuación obtida polos/polas aspirantes. O tribunal cualificador non poderá en ningún caso, declarar máis aspirantes aprobados que prazas convocadas, calquera proposta que contraveña este mandato será nula de pleno dereito.

A continuación, o tribunal elevará a súa proposta á alcaldía, que ditará resolución para a contratación do/da candidato/candidata que acadase a maior puntuación. O resto dos aspirantes, que superando as probas non foran seleccionados, integrarán un listado ordenado segundo as puntuacións obtidas, que será utilizado para cubrir as baixas ou renuncias que se produzan entre os aspirantes con dereito á contratación.

OITAVA.– Publicidade das bases e da convocatoria destas

As presentes bases estarán expostas ao público, no taboleiro de anuncios do Concello (<http://cangas.sedelectronica.gal/board/>) e na páxina web do concello (<http://cangas.gal/>), durante o prazo sinalado para a presentación de instancias.. O taboleiro de anuncios da Casa do Concello será o medio para dar publicidade a todas as notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.

NOVENA.- Carácter das bases e incidencias

As presentes bases desta convocatoria vinculan á administración local convocante, ao tribunal cualificador e aos aspirantes que participen no proceso. O tribunal de selección queda facultado para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias produza a súa aplicación durante o proceso selectivo, podendo adoptar os acordos necesarios na procura da boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.





DÉCIMA.- Disposición final

As presentes bases e cantos actos administrativos deriven destas e das actualizacións do tribunal de selección, poderán seren impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e polo disposto nas presentes bases.

Así mesmo a administración municipal poderá, no seu caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais conforme ó previsto na devandita Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

ANEXO

INSTANCIA PARA PARTICIPAR NA SELECCIÓN E POSTERIOR CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE PERSOAL PARA AS OFICINAS DE TURISMO DE CANGAS, AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN CONVOCADA POLA AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA POR RESOLUCIÓN DE 26.12.2018 (DOG Nº 15 DE 22.01.2019)

APELIDOS, NOME:

TELÉFONO:

DNI:

ENDEREZO:

Solicita ser incluído na relación de aspirantes admitidos no proceso selectivo indicado na cabeceira.

Por medio do presente declara que se atopa en situación de desemprego ou demandante dunha mellora de emprego, non se atopa incurso/incursa en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente e que cumpre todos os os requisitos esixidos na convocatoria (en particular os expostos na base segunda) e que non foi separado/separada mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

Cangas, dede 2019.

Asdo. :

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR XUNTO Á PRESENTE SOLICITUDE:

- n A presente instancia, debidamente cuberta e asinada.
- n Fotocopia compulsada do DNI.
- n Fotocopia compulsada da titulación esixida.
- n Xustificante acreditativo do pago das taxas.
- n Tarxeta de demandante de emprego en vigor.
- n No seu caso, documentación acreditativa título exención exame galego

ALCALDÍA DO CONCELLO DE CANGAS'

SEGUNDO.- Convocar o proceso selectivo mencionado e ordenar que se sigan todos os trámites ata que se proceda á contratación e aprobación de listado previsto nas bases.

TERCEIRO.- Que se proceda a publicación das bases de acordo co disposto nestas".





Concello de Cangas

B) ACTIVIDADE DE CONTROL
Non hai asuntos
C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES
Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850

